

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VEDRA

##### Secretaría-Intervención

*Aprobación regulación do taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Vedra*

##### ANUNCIO

Aprobación regulación do taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Vedra

Expediente: 2020/G003/000103

Por Resolución da Alcaldía num. 112/20, de data 21 de febreiro, acordouse o seguinte:

O Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de novembro de dous mil once, acordou a creación da sede electrónica do Concello de Vedra, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico é: <https://sede.vedra.es>

Nesa mesma sesión tamén acordou a aprobación da ordenanza municipal para a regulación da administración electrónica, publicada íntegramente no BOP num. 35/12, do 20 de febreiro

En función das atribucións que me outorga a lexislación vixente

##### RESOLVO:

PRIMEIRO.- A publicación de actos e comunicacións, que, por disposición legal ou regulamentaria, deben publicarse no taboleiro de edictos municipal, poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello

SEGUNDO.- O acceso ao taboleiro de anuncios electrónico non requirirá ningún mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán

TERCEIRO.- O taboleiro de anuncios electrónico publicarase na sede electrónica do Concello

CUARTO.- O taboleiro de anuncios electrónico disporá dos sistemas e mecanismos que garantan a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade do seu contido. Para os efectos do cómputo dos prazos que corresponda, establecerase o mecanismo que garanta a constatación da data e hora da publicacións dos edictos

QUINTO.- O taboleiro de anuncios electrónico estará disponible as 24 horas do día, todos os días do ano, a través da sede electrónica. Cando por razón técnicas se prevexa que o taboleiro de edictos electrónico pode non estar operativo, deberase informar diso aos usuarios con antelación suficiente, indicando cales son os medios alternativos de consulta do taboleiro que estean dispoñibles

SEXTO.- Naqueles casos en que a publicación na sede electrónica substitúa ao taboleiro de anuncios presencial facilitaráselle aos cidadáns a consulta na sede física do Concello, facilitándolle, no caso de que o requiran, asesoramento para este efecto

Vedra, 21 de febreiro de 2020

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

2020/1543